

Acta de concesión da XXIII Edición da Homenaxe "A Escritora na súa Terra – Letra E"

O sábado 13 de febreiro de 2017 reúnese ás 11.00 horas, no Museo do Pobo Galego, a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para acordar, entre outros puntos da orde do día, o nome da escritora ou escritor que sería homenaxeado este ano 2017 na súa terra, no marco dunha iniciativa de irmandade literaria anual e vertebradora que, ao longo dos últimos vinte e dous anos, se ten instituído na traxectoria do noso colectivo como unha alternativa complementaria á celebración do Día das Letras Galegas, isto é, unha actividade vivida en comunidade, que nace da vontade de premiar autorías e obras vivas, socialmente activas, ao tempo que persegue o recoñecemento e a posta en valor dunha figura clave do noso presente literario, nunha xornada en que o contacto directo, humano e profesional se converta no principal cómplice protagonista.

A Asemblea de Socios e Socias da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega aprobou nesta xornada, por unanimidade, concederlle esta XXIII Edición Homenaxe "A Escritora na súa Terra" a María Pilar García Negro, pensadora e ensaísta referencial do canon literario galego desde a década dos 80 e voz solidaria, comprometida, dinamizadora copartícipe de colectivos, entidades e asociacións, entre as que cómpre mencionar a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega desde a súa fundación, nadas no camiño da restauración democrática co obxectivo de impulsar iniciativas sociais colectivas a prol da normalización lingüística, literaria e cultural, da xustiza social, do traballo intelectual das mulleres e da restauración da memoria de noso.

Con este recoñecemento, de marcada simboloxía popular, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega quere recoñecer o labor de autoría investigadora pioneira do campo da lingua, da sociolingüística, da literatura e do feminismo, recompilado nunha profusa e premiada obra literaria individual, así como de xenerosa participación colectiva, en que convive a rigorosa investigación precisa para asentar as bases da historia da lingua e da literatura galegas coa vontade aproximativa da mesma á sociedade para ensanchar as portas do saber e do coñecemento nos valores identitarios, nomeadamente no exercicio da función docente desde o ensino secundario até o universitario.

Asemade, esta asemblea acordou nomear Pilar García Negro Socia de Honra da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, en convivio de irmandade con aqueloutras figuras senlleiras e insignes da historiografía literaria galega que a precederon nas edicións anteriores: Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, M^a Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura Vázquez e Dora Vázquez, M^a do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Paco Martín, Xavier Rodríguez Baixeras, Marica Campo, Xabier P. Docampo, Xosé M^a Álvarez Cáccamo e Helena Villar Janeiro.

Como Secretaria Xeral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega dou fe co visto e praxe do Presidente.

Mercedes Queixas Zas
Secretaria xeral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Salón de Plenos do Concello de Lugo
10 de xuño de 2017